

XXI PREMIO 2021 DE POESÍA

- 1 | O Concello de Sarria coa colaboración da Agrupación Cultural Ergueitas convocan o XXI Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño.
- 2 | As obras presentadas deben estar escritas en lingua galega. A escolla ortográfica de cada obra presentada non será obxecto de valoración por parte do xuri.
- 3 | A extensión mínima será de 500 versos. Os orixinais deberán ser inéditos e non premiados en ningún outro certame.
- 4 | Os traballos presentaranse por cuadruplicado en exemplares separados, grampados ou encadernados, en tamaño DIN A4 escritos por unha soa cara. Acompañaranse dun sobre pechado no que conste o título ou lema da obra no exterior, contendo no interior o nome e apelidos da autora ou autor, fotocopia do documento de identidade, enderezo, teléfono e correo electrónico. Enviaranse por correo certificado a:
XXI PREMIO DE POESÍA FIZ VERGARA VILARIÑO,
Concello de Sárria, rúa Maior 14, 27600 Sárria.
O prazo para a súa presentación será de 60 días naturais dende o día seguinte a publicación no BOP de Lugo (24-08-2021). Remata o 23 de outubro de 2021
- 5 | Establécese un único premio indivisíbel dotado con 6.000 euros, suxeito á normativa fiscal vixente. O xuri poderá deixar deserto o premio se considera que as obras presentadas non acadan unha mínima calidade.
- 6 | O xuri estará composto por persoas de prestixio no mundo da creación ou a crítica literaria. Actuarán como Secretaria e Presidenta da Agrupación Cultural Ergueitas e como Presidenta e Concelleira de Cultura de Sárria, as dúas con voz e sen voto. A decisión do xuri será inapelábel e será dada a coñecer antes do 30 de decembro de 2021
- 7 | A obra premiada será propiedade do seu autor ou autora, agás a primeira edición que será publicada pola Editorial Espiral Maior. En posteriores edicións farase constar a condición de Premiada no "XXI PREMIO DE POESÍA FIZ VERGARA VILARIÑO".
- 8 | Os orixinais non premiados non serán devoltos e serán destruídos. Logo de feito público o ditame a organización poderá abrir as plicas das obras non premiadas para promocionar as seguintes edicións do premio, agás indicación do contrario no exterior do sobre. Non se manterá correspondencia cos autores e autoras.
- 9 | A interpretación destas bases correspóndelle ao xuri. A participación no certame implica a súa aceptación.



Fiz
Vergara
Vilariño

XXI PREMIO
2021 DE POESÍA